

AUGUSTE VILLIERS DE L'ISLE-ADAM

A Eva futura

Traducido por Isabel Soto e Xavier Senín



Hugin e Munin

1. Menlo Park

*O xardín estaba debuxado como unha fermosa dama
deitada e durmindo voluptuosa, coas pálpebras pechadas:
os azuis campos do ceo concentrábanse nun círculo
adobiado coas flores da luz; os lirios e as brillantes
pingas do resío que colgaban nas súas azulinas follas,
semellaban escintilantes estrelas no azul da noite.*²

Giles Fletcher

A vinte e cinco leguas de Nova York, no centro dunha rede de fíos eléctricos, hai unha vivenda arrodeada de frondosos xardíns solitarios. A fachada mira para un vizoso céspede atravesado por alamedas de area que levan a unha sorte de gran pavillón illado. Ao sur e ao oeste, dúas avenidas, cuxas árbores vedrañas proxectan sombra sobre ese pavillón. Trátase do número 1 do distrito de Menlo Park. Alí reside Thomas Alva Edison, o home que apresou o eco.

O señor Edison é un home de corenta e dous anos³. A súa fisionomía⁴ lembra, dun xeito sorprendente dende

²A cita provén deste poeta inglés, autor dun longo poema intitulado «Vitoria de Cristo no ceo, vitoria de Cristo na terra».

³Thomas Alva Edison (1847-1931) tiña en 1886 trinta e nove anos. Villiers trabúcase decontino nos seus cálculos de datas. Os diversos telegramas que atoparemos ao longo da novela son todos de 1883, cando Edison tiña trinta e cinco ou trinta e seis anos. Por necesidades da trama, sen dúbida quixo facer do inventor un home de maior idade que lord Edwald, que ten uns vinte e sete ou vinte e oito anos.

⁴A popularidade da fisionomía, pseudociencia baseada na idea de que

hai uns anos, a dun ilustre francés: Gustave Doré⁵. Case é o rostro do artista *traducido* nun rostro de sabio. Aptitudes conxéneres, aplicacións diferentes. Misteriosos xemelgos. A que idade serán iguais? Se cadra nunca. As súas dúas fotografías daquela, unidas no estereoscopio, espertan a mesma impresión intelectual ca certas efixies de razas superiores, que só se realizan dun xeito pleno unidas nunha moeda con rostros en ambas as dúas faces das que existen espalladas pola humanidade. A face de Edison, confrontada con estampas antigas, ofrece a vivaz reprodución da medalla siracusana de Arquímedes.

Unha noite dun destes últimos outonos, contra as cinco da tarde, o marabilloso inventor de tantos prestixios, o mago da orela (case xordo⁶ e que coma un Beethoven da ciencia soubo crear ese imperceptible instrumento grazas ao cal a xordén non só desaparece, senón que descobre, máis aguzado aínda, o sentido do oído cando se axusta no orificio do tímpano), o grande Edison retirárase ao seu

polo estudo da aparencia externa dunha persoa, sobre todo a súa cara, pode coñecerse o carácter ou a personalidade desta, medrou no século XIX. Influíu nas habilidades descritivas de moitos novelistas como Balzac, Dickens, Thomas Hardy, Charlotte Brontë ou Edgar Allan Poe.

⁵Gustave Doré (Estrasburgo, 1832-París, 1883), coñecido e precoz ilustrador e pintor francés pois comezou a súa carreira aos trece anos co deseño das súas primeiras litografías e un ano despois publicouse o que sería o seu primeiro álbum, *Les travaux d'Hercule*. A partir de 1847 traballa como caricaturista no *Journal pour rire* e colabora con diversas revistas. Entre os seus traballos de ilustración cóntanse máis de cen obras mestras da literatura universal, entre elas *A Biblia* (1843), as *Obras Completas* de Rabelais (1851), *A Divina Comedia* de Dante (1861-1868), o *Don Quixote da Mancha* de Cervantes (1863) ou as *Fábulas*, de Jean de La Fontaine (1868). Malia que Villiers se refire ao parecido entre Doré e Edison, este non é especialmente notable.

⁶Algunhas das biografías de Edison consignan que era parcialmente xordo, non se sabe a ciencia certa se a consecuencia da escarlatina que padeceu na infancia ou, segundo relatou el mesmo, logo do insólito episodio no que salvou un neno nas vías do tren en Port Huron cando un empregado do ferrocarril o colleu das orellas para tratar de subilo ao vagón dun tren en movemento.

